



En cumprimento do disposto no artigo 32 do Real decreto 678/2023, do 18 de xullo, polo que se regula a acreditación estatal para o acceso aos corpos docentes universitarios e o réxime dos concursos de acceso ás prazas dos devanditos corpos, faise público que o xoves, día 19 de xuño de 2025, ás 10:00 horas, no despacho da Secretaría Xeral da Reitoría, terá lugar o sorteo público a que se refire o punto 6.3 da Normativa reguladora do procedemento para a selección de persoal docente e investigador, aprobada polo Consello de Goberno na sesión do 7 de novembro de 2024.

O dito sorteo realizarase co fin de proceder á constitución das comisións avaliadoras, encargadas de xulgar as prazas de profesorado Axudante Doutor/a que serán sometidas á aprobación do Consello de Goberno da Universidade da Coruña na sesión prevista para o día 20 de xuño de 2025.

A Coruña, 16 de xuño do 2025